

## **CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESERVACIÓN DAS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS (BOVINAS, OVINAS E CAPRINAS) EN RISCO DE EROSIÓN XENÉTICA, NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, PROGRAMA “MORENAS”, ANUALIDADE 2026**

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, da Deputación Provincial de Lugo, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, está previsto, como obxectivo, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural.

As subvencións que aquí se convocan contribúen ao logro dos obxectivos específicos de: fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción; promoción e posta en valor dos nosos produtos gandeiros; e potenciación dos produtos autóctonos; incluídos na dita Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca.

As razas autóctonas son o froito da selección, durante séculos, dos animais mellor adaptados aos recursos naturais de cada zona, de tal xeito que os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais, que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás de outras poboacións, diferenciándose así, tamén, o produto obtido.

Por elo, a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, oficialmente ameazadas, debe considerarse unha prioridade estratéxica no marco das políticas de desenvolvemento rural, protección da biodiversidade e identidade produtiva do territorio e, polo tanto, debe ser obxectivo da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación de Lugo.

De cara a alcanzar este obxectivo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o de de 2026, prestou aprobación á convocatoria e ás bases que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro da convocatoria e das referidas bases canalizadoras das subvencións.

**BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PRESERVACIÓN DAS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS (BOVINAS, OVINAS E CAPRINAS) EN RISCO DE EROSIÓN XENÉTICA, NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2026.**

## Exposición de motivos

As razas autóctonas bovinas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), xunto coas razas Ovella Galega e Cabra Galega, representan un patrimonio zoo-xenético de enorme valor, adaptado, ao longo dos séculos, ás nosas condicións agro-climáticas.

A súa singularidade, vinculación co territorio, calidade intrínseca dos seus produtos e a súa capacidade para aproveitar os recursos naturais, aportan elementos fundamentais para un modelo de gandería multi-funcional, sustentable e de futuro.

Estas razas, promovidas e protexidas polas asociacións de criadores que xestionan os seus Libros Xenealóxicos, integradas na Federación de razas autóctonas de Galicia (BOAGA), adoitan destacar pola súa rusticidade, docilidade e aptitude para o manexo en réxime extensivo. Gracias a estas características conseguen adaptarse sen dificultade a contornas máis esixentes, dende o punto de visto produtivo, contribuíndo, así, á prevención de incendios forestais, á conservación da paisaxe e ao mantemento do tecido socio-económico das zonas rurais. Deste xeito, a presenza de aquelas contribúe a frear a grave crise demográfica que afecta a grandes áreas da Galicia interior.

A calidade organoléptica dos produtos derivados destas razas, reforzada pola certificación oficial 100 % Raza Autóctona, está a gañar renome na restauración e hostalería, o que contribúe á dinamización económica do rural galego.

Con todo, estas razas autóctonas non deixan de atoparse ameazadas: a súa baixa poboación, xunto coa dispersión xeográfica das explotacións, fan que resulte difícil manter a diversidade xenética e reducir a consanguinidade. Para poder garantir a continuidade xenética, cómpre levar a cabo un seguimento reprodutivo rigoroso, o que supón investimentos en tempo, recursos e coñecemento técnico especializado.

Por outra banda, a localización das ganderías, en zonas de difícil acceso, as condicións orográficas e climáticas e os elevados custos de manexo, fan que os seus criadores teñan que destinar máis medios para cumprir cos requisitos dos plans de recría e garantir o benestar dos animais. Tamén cómpre ter en conta o impacto que exercen os ataques da fauna salvaxe, coma o lobo e o xabaril, sobre os rabaños.

Neste escenario, a actuación das Administracións Públicas ten que pasar por unha estratexia clara de apoio. E este apoio non pode quedar reducido a actuacións puntuais, senón que require do fomento continuo da cría en pureza, con axudas adaptadas á realidade das nosas razas autóctonas.

E elo porque investir na protección deste legado único permite conservar un recurso imprescindible para o desenvolvemento sustentable, a fixación real de poboación e a conservación dos ecosistemas naturais da Provincia.

A presente liña de subvencións ten, polo tanto, unha finalidade de interese público específica, orientada á protección e mantemento de recursos xenéticos singulares, cualificados como patrimonio zoo-xenético de carácter estratéxico.

Neste sentido, a eficacia da actuación pública debe valorarse en termos de conservación da variabilidade xenética, continuidade das liñas en pureza e correcta xestión dos Libros Xenealóxicos,

elementos que constitúen o núcleo esencial da finalidade perseguida e que transcenden a lóxica produtiva convencional, ao situarse no ámbito da protección da bio-diversidade e dos recursos xenéticos de interese xeral.

En consecuencia, e atendendo á natureza singular destas razas como patrimonio colectivo diferenciado, xustifícase a adopción dun réxime específico de apoio no que prima a conservación efectiva do recurso xenético sobre outros condicionantes alleos a esta finalidade.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, iníciase un novo programa de axudas dirixidas aos criadores das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas), en risco de erosión xenética, que teñen por obxecto a cooperación desta entidade na súa protección, incentivando a cría en pureza, os nacementos e a redución da consanguinidade.

### **Base 1.- Obxecto**

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo.

### **Base 2.- Réxime de concesión**

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

### **Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas**

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da LSG, as beneficiarias poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos, cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ás beneficiarias destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos

persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de produción gandeira (código sector económico 01.4); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, e non prevíndose modificación algunha desta situación (código impacto de xénero 2); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

#### **Base 4.- Beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Que contén con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nadas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).
- Que contén con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nados na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

#### **Base 5.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas**

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, para as razas bovinas, e de 70 € por animal elixible, para as razas ovina e caprina; sendo o importe máximo das axudas por beneficiaria de 8.000 €.

No suposto de que unha solicitude inclúa animais de máis dunha especie (bovina, ovina e/ou caprina) o dito importe máximo calcularase tendo en conta, en primeiro lugar, os animais da especie bovina incluídos na solicitude. É dicir, se a axuda correspondente aos animais da especie bovina alcanzara o devandito importe de 8.000 €, non se concederá subvención para o/s animal/animais da/s especie/s ovina e/ou caprina. De xeito contrario, cando o importe da axuda correspondente aos animais da especie bovina non alcance os 8.000 €, consideraranse subvencionables, en primeiro lugar, os animais da especie ovina e, en último lugar, os da caprina.

O importe da subvención é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actuación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións non serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

#### **Base 6.- Carácter das subvencións**

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigadas as beneficiarias das subvencións.

Estas subvencións teñen a consideración de axudas de *mínimis* das previstas no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* no sector agrícola.

Consonte ao mesmo, o importe total das axudas de *mínimis* percibidas non excederá de 25.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais. É dicir, o total de axudas de *mínimis* concedidas a unha persoa, física ou xurídica, beneficiaria non poderá exceder de 25.000 € brutos durante o exercicio fiscal en curso e os dous exercicios fiscais anteriores.

### Base 7.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal) > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, **asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante**, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a) Solicitud (Anexo I), que contén:

- Os datos da persoa, física ou xurídica, solicitante.
- Relación de documentos que acompañan á solicitud.
- Relación de animais para os que se solicita a axuda.
- Compromiso de respectar as normas relativas ás axudas de *mínimis*, especialmente a obriga de que as subvencións deste carácter recibidas durante o ano en curso e os dous anteriores non superen os 25.000 €.
- Información básica sobre a protección dos datos do solicitante.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

b) No caso de que a solicitud sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitud da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).

c) Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitud sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.

d) Copia do NIF da entidade solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

e) Copia do censo da explotación, emitido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en calquera data do ano en curso, acreditativa de que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA.

f) Acreditación, mediante certificación/s expedida/s polo/s secretario/s da/s entidade/s xestora/s do/s correspondente/s Libro/s Xenealóxico/s, de que o animal ou animais para o/s que se solicita a axuda cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 (Anexo III).

g) Declaración conxunta (Anexo IV), que contén:

- Declaración de estar en situación de obter a condición de beneficiaria.
- Declaración relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a situación subvencionada.
- Declaración relativa á obtención de outras axudas de *mínimis*.
- Declaración relativa ao cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Declaración de non ser a persoa, física ou xurídica, debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Declaración relativa á adopción das medidas de difusión destinadas a dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

h) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración

Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

- i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

#### **Base 8.- Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da LSG, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo.

#### **Base 9.- Instrución do procedemento**

Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruiranse e tramitaranse os respectivos expedientes, revisarase as solicitudes presentadas, e verificarase que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.

Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos establecidos nestas Bases farase unicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo), poderán obter as subvencións unicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.

### **Proposta de concesión provisional**

Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuarase proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a relación das solicitantes para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **Proposta de concesión definitiva**

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, previa fiscalización, formularase a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

### **Base 10. Resolución de concesión das axudas**

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a relación de solicitantes ás que se conceden as subvencións e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo ([www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ás interesadas será de seis meses, contados a partir da data da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

#### **Base 11.- Modificación da resolución**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

#### **Base 12.- Período subvencionable**

Para que os animais poidan ser considerados elixibles, os seus nacementos (tanto das razas bovinas como das ovinas e caprinas) deberon producirse durante o ano 2025, tal e como se establece na Base 4.

#### **Base 13.- Xustificación das subvencións**

En aplicación do disposto nos artigos 30.7 da LXS, 28.9 da LSG e 30.4 da OXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

Polo tanto, a xustificación das subvencións só requirirá a acreditación da situación subvencionada a través dos documentos aos que se refire a Base 7.

#### **Situación subvencionable**

A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, femias das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

Do mesmo xeito, tamén será subvencionable ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, machos e/ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e Cabra Galega, inscritas no correspondente Libro Xenealóxico da raza correspondente.

#### **Base 14.- Pago da subvención**

Tras a resolución de concesión, emitida pola Xunta de Goberno, segundo o establecido na Base 10, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitirase un informe no que se faga constar que a documentación á que se refire a Base 7, presentada polas beneficiarias, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4.

O dito informe acompañarase dunha proposta de pago das subvencións e dos documentos aos que se refiren as letras a), f), g), h) e i) da Base 7, para que, previa fiscalización, se aprobe a dita proposta pola Presidencia.

Así mesmo, no suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, o centro xestor deberá xuntar, á documentación sinalada no parágrafo anterior, os certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social, cando conste autorización á Deputación para solicialos.

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria e tralo cumprimento dos trámites descritos, non procedendo o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

#### **Base 15.- Plan de auditoría anual**

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

#### **Base 16.- Incumprimentos e obrigas de reintegro**

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

En particular, procederá o reintegro, total ou parcial, nos supostos de incumprimento do compromiso de manter na explotación os animais elixibles, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora da dita Xurisdicción.

Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

#### **Base 17.- Réxime de recursos**

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que, contra o mesmo, caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

#### **Base 18.- Vixencia e modificación das Bases**

A vixencia destas Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, manténdose ata a completa comprobación da corrección da documentación achegada polas beneficiarias para acreditar o cumprimento da finalidade que determinou a concesión das subvencións, que terá que rematar, como máximo, o 31 de xaneiro de 2028.

Estas Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

#### **Base 19.- Protección de datos**

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: [protecciondatos@deputacionlugo.org](mailto:protecciondatos@deputacionlugo.org)
- Fax: 982 180 004

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes relativos ás solicitudes das subvencións reguladas nestas Bases e verificar os datos aportados.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público, conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXP), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 6.1.c) do RXP, sendo o tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento fundamentada na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os datos de identificación das persoas beneficiarias serán comunicados a Axencia Estatal da Administración Tributaria; Base de Datos Nacional de Subvencións; BOP, co fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento.

Poderase solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercer outros dereitos que lles asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en <https://deputacionlugo.gal/gl/lopd> Datos de contacto do DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org).

#### **Base 20.- Normativa de aplicación**

Para todo o non previsto nestas Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 9, do 11 de xaneiro de 2024 -OXS-).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

#### **Disposición Adicional Primeira.- Declaracións responsables**

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.